




A nena e a bruxa





**A nena e a bruxa**

Orixinal: “The witch child”, 2010.  
Traducido e maquetado en Compostela.  
Abril 2015.

*A*s dúbidas apareceron coas nubes, por enriba do verde outeiro e baixo o salgueiro onde a nena xogaba ao lusco fusco. Chegara a media noite, e aínda estaba esperta, seguindo esas dúbidas que percorrían as filas de casas sen vida cara a esquina, onde chega o autobús polas mañás e as leva lonxe.

Unha sombra entrou pola fiestra e apousentouse arredor da cama. Os ventos fóra calmáronse, pero unha lixeira brisa na habitación pareceu alborotar os cabelos da nena e acariciarlle as meixelas. Cando se durmiu, a sombra agachouse e murmuroulle ao oído un conto para durmir:

Nena, baixo este teito dourado, ti, mellor que ninguén, sabes o que significa non ter fogar. É o destino trágico para algúnxs neste mundo, ser desarraigados, para outrxs, ser sen-raíces. Esta é a historia dxs sen-raíces. A túa pel xa coñece, aínda que a túa razón aínda non a entenda. Algún día, no mundo da vixilia, esta historia volverá a ti.

Algúnxs din que empezou cos Romanos, cunha nova lóxica de guerra, coa súa civilización e escravitude. Pero a verdade é que


somos xs únixs a quen culpar. Xa antes de que os Civilizados chegaran perdéramos a primeira batalla. Eliximos a Guerra, e estivemos vivindo con ela dende entón.

Foi un pequeno erro, pero nós fomos quen abrimos a porta ao inimigo. Aínda se pode emendar este erro, pero fáísenos tarde.

O Erro foi este: Deixamos de celebrar a primavera. Deixamos que o silencio do inverno se estendera por todo o ano. O momento para a introspección converteuse na vida enteira. Alonxámonos xs unxs dxs outrxs, e aburrímonos de nós mesmxs. Deixámonos de preocupar polo que sucedía no mundo exterior. Así que convertemos aos máis sensitivos en sacerdotes e pedímoslles que nos trouxeran os misterios en lugar de ir a por eles. Convertemos aos nosos xefes de guerra nos líderes do día a día: Por suposto todos os días volvéronse unha guerra silenciosa! Empezamos a temer as aventuras, así que pedímoslles aos líderes que nos entretiveran coas súas trilladas guerras.

Caemos en rutinas. A vida xa non sucedía, simplemente pasaba. As mulleres pecháronse nos cultos de fertilidade, reducindo unha interminable rede de misterios á fascinación daquel que aínda encaixaba nas súas vidas: cando unha se convirte en dúas. Os homes, celosos por sentirse excluídos da posibilidade de crear e tontos ao pensar que incluso poderían ser excluídos de toda creación, refuxiáronse en deportes destrutivos e nas guerras. A guerra contra as mulleres empezou como un xogo máis, unha revancha. Esas pequenas guerras convertéronse no noso pasatempos, e os anos pasaron como se estivéramos atrapadxs en pequenas casas, contando os días ata o equinoccio. Esperando por unha primavera á que nunca recibimos. Pero a primavera hai que recibila, se non nunca chega. Para o que mira, o inverno nunca remata. A primavera é unha insurrección. Un martelo que agreta as vaina, un brote que rompe as placas de xeo. Un encontro erótico que destrúe a contemplación do inverno e altera a vella orde con colisións indómitas e o crecer dos corpos.

**Por iso no Primeiro de Maio facemos celebracións.** Un pobo que celebra a primavera nunca saberá nada de reis.



Cando chegaron os Romanos gañaron todos os nosos xogos. As nosas revanchas e feitizos eran un xogo de nenxs ao lado da súa política e a súa economía. As súas contemplacións eran máis sofisticadas que as nosas. O seu silencio máis alto que o noso. Os seus invernos nin sequera chegaban con frío.


Vimos como perfeccionara o xogo da conquista, e envexámonos. Volvémonos bárbaros aos nosos propios ollos. Arminio, quen esmagou ás lexións no camiño do bosque de Teutoburgo, estudara con eles. Non éramos escravos rebelándose, eramos o novo Príncipe. Ao final fomos os que saqueamos Roma, pero só porque cremos superala.

Cando chegaron os Cristianos, algúnxs de nós adoptamos o seu Deus. Porque El era o Deus da conquista, un Deus celoso, creado á nosa imaxe. Un Deus máis adecuado para esta guerra. Cando empezaron a destruír os lugares sagrados, a queimar libros, a talar os arboredos, ao fin algúnxs empezaron a entender o noso Erro. Sublevámonos. Unímonos a aquelxs que loitaban contra as lexións e os escravistas, a aqueles príncipes loitando para ser reis, e desfilamos por Roma.



Pero non soubemos entender quen eramos. Cremos que sen os Romanos a súa lóxica desaparecería tamén. Pero aqueles aos que seguimos cara a guerra levábana no peito. Cremos que eran a nosa xente porque falaban a mesma lingua, pero en secreto falaban a lingua da conquista. Pensamos que eran a nosa xente porque veneraban aos mesmos deuses, pero en secreto veneraban ao Deus da Envexa. Cremos ter destruído Roma, pero de feito estendémola a todas partes.

**Por iso no Primeiro de Maio burlámonos.** Máis que nada, burlámonos de nós mesmxs, por ese erro que aínda nos persegue.



**D**ende aquel día a nosa misión foi aprender quen somos.

Por que nos unimos a unha loita que non era a nosa. Os xefes da guerra e xs seus seguidorxs máis próximxs seguían xogando aos seus xogos. Pero non soubemos darnos conta porque facía moito que xa non rían. Eran como unx granxeirx que escruta a súa despensa, que conta os días ata a última xeada, pesando as reducidas provisións, comendo matemáticas na súa cabeza. Na súa permanente contemplación, viron aos Romanos debilitarse. Chegaba o momento de atacar e arrebatarlles o xogo.

Non puideron poñer a Roma en funcionamento de novo. Unha sucesión de xefes de guerra, finxindo saqueala, intentaron reactivar a súa lóxica de forma estudada. Pero había sempre outro xefe de guerra impaciente por facelo á súa maneira e todo fracasaba.

Por case mil anos impúxose unha calma tensa. A escravitude dos Romanos terminou, pero un compromiso cargado de veneno escapuliuse no seu lugar. Os xefes de guerra que nos levaran á vitoria recuperaron a metade das grandeza arrancada aos Romanos e non a repartiron en parcelas. Quedáronse coa outra

metade para si, e pasaron de ser líderes a ser señores. Nas fincas dos Romanos díxoselle xs serventes que eran libres, a terra xa non sería máis a súa cárcere, pero estarían baixo a custodia dos novos señores. Poderían vivir como escolleran, sempre e cando deran unha parte da súa colleita para alimentar a quen xs liberara e ás armas que xs protexeran. Un compromiso entre señor e campesiño. Unha nova ecuación para unha cousa que foi chamada liberdade.

César non morreu. Houbo miles de Césares. E a Igrexa mantivo a paz entre eles.

Os curas apareceron entre nós. Ensináronnos a odiar os nosos corpos. Ensináronnos a temer ao bosque, ás montañas e á noite escura. Monopolizaron a maxia e unírona á cerimonia.

Permaneceron moitas comunidades libres e coas súas antigas maneiras de facer. Pero, unha a unha, foron conquistadas, perseguidas e arrasadas. Os príncipes foron os primeiros en entrar na Igrexa. Converteron xs seus servxs á mesma relixión para facerlles crer que éramos todxs iguais, e ao mesmo tempo, para mostrar que lles designaba Deus

Houbo herexes, pero miles fomos arroxadxs ao lume. Sobre todo queimáronnos a memoria. A voz substituíuse por papel e reinou un grande silencio. Prohibiuse calquera historia que non estivera no seu Libro. Elimináronse todos os recordos da maxia, a sanación, da linguaxe dos bosques, das nosas orixes, recordos do tempo en que todo o compartiamos e nada tiña dono.

Así é como destruíron as nosas raíces. **E por iso no Primeiro de Maio contamos historias.** Historias das nosas vidas, as nosas loitas, do futuro que queremos, do pasado que inventamos, porque xa non o lembramos.



*H*oubo un ano no que o seu xogo case esmorece pola simple forza da natureza. Unha enfermidade barreou as cidades ateigadas e as vilas famentas. Só unhx poucos tiveron forza para resistila. Todxs xs vellxs morreron. Os príncipes e os curas estaban preocupados pola perda de súbditxs. Os corpos converteronse na máis cobizada riqueza e de súpeto descubriron que a produción dos corpos non estaba baixo a súa custodia. Estaba baixo a custodia das nais e as parteiras. Que acontecería se decidiran sabotar o crecemento da nación polos seus motivos persoais? Algunhas mesmo dixeron que non ían traer crianzas a este mundo para que vivisen como escravxs.


A anticoncepción e o aborto convertíronse nos maiores crimes e pecados. Soamente se permitiu aquel amor que daba crianzas. Os Cristiáns sempre odiaran ás mulleres que amaban a outras mulleres e aos homes que amaban a outros homes. Pero agora o seu odio chegou mais lonxe da predicación, pasaron a impoñer a pena de morte.

Eliminaron as parteiras alí onde os príncipes puideron. Preferían a lealdade dos doutores ás escollas das nais. A peor das herexías

era que a xente fora quen de aprender cousas dos seus corpos. De ahí en diante, a única aprendizaxe digna de confianza foi a educación recibida nas novas escolas e universidades. E todos os oficios que se producían eran conspiracións autorreguladas. Soamente se podía traballar sendo do oficio, e so se podía ser do oficio pasando polo adestramento administrado nas universidades, e só se podía pasar ese adestramento adoptando os obxectivos dos príncipes que fundaron as universidades.

Co interés de manter xs súbditxs con vida, empregaron as parteiras como enfermeirxs porque xs novxs médicxs non eran suficientes por elxs mesmxs. Pero destacaron gobernando os corpos con disciplina de ferro. Diante destxs médicxs o mundo era mudo e estúpido. Para elxs a enfermidade xamais foi un intento de comunicar, e nunca confiaban en que os corpos sandarían por sí mesmos. A enfermidade foi algo a localizar, nomear e suprimir. Co tempo, ata experimentar pracer sería clasificado como enfermidade.

**Por iso celebramos o Primeiro de Maio con orxías.** Para aprender dos nosos corpos, para amosar que se pode compartir o pracer con quen sexa que escollamos. Para respetar o desexo dxs demais e aledarnos da súa satisfacción.



*H*oubo moitas revoltas e rebelións pero os príncipes tornaron en reis por séculos e o seu dominio propagouse. O noso xugo virouse máis pesado e agardábase que extraéramos máis e máis riqueza da terra para darlla aos nosos señores. E eses señores negaban que houbera un tempo no que foran xs nosxs irmáns. Distinguíanse polo sangue, emparentados con Deus, diferentes a calquer outra cousa da desamparada terra. Esqueceuse que ser un servo fora considerado algunha vez como algo infinitamente mellor que ser escravo. Cada vez había menos diferenza.


Os señores aínda precisaban espremer máis sangue da terra. Foron a terras máis lonxanas. Nomearon á xente que atoparon “escravos”. Pero foi unha escravitude moito máis cruel que a que os Romanos puideron causar. Se o seu Deus desprezou o corpo humano, odiou a alma dxs escravxs.

Precisaron a nosa axuda nas novas terras de conquista, e por riba de todo, precisaban impedir a nosa deserción. Entón dixeronnos que eramos brancxs, o cal era inalterabelmente distinto de ser negrx ou salvaxe. Os señores, os curas e os exploradores non puideron construír gaiolas o suficientemente rápido, así que



construíron categorías, e ensinaronnos que tiñamos nacido nelas, e que xamais escolleríamos quen somos. E eramos un exército mobilizado para atacar a todx aquelx que aínda tivera as raíces na terra.

**Por iso celebramos o Primeiro de Maio con visións.** Para ver que a maxia está en todas partes, e que toda vida é mutábel, toda categoría inadecuada.




*P*orque naqueles anos libramos moitas batallas contra eles. Queimamos señores e curas, escapamos cos salvaxes, guindamos capitáns pola borda. E contestaron intensificando a guerra contra nós. Queimaron millóns de mulleres por empregar plantas sagradas, por curar, por falar cos montes, por estar en comuñón con antigos deuses, por rexeitar ser brancxs, por non respetar as novas leis que dicían que a terra non era para compartir se non unha propiedade, inherente aos individuos, e só aos homes. E masacraron a millóns de enraizadx, para quitarlles as súas terras ou castigarlles por non querer desarraigarse.

Despois cambiaronnos a todxs de lugar, alí onde querían, xs sen-raíces e xs desarraigadx, todxs mesturadx, rastreadxs polas nosas categorías, ata que se tornou allea a terra e nós mesmox. Puxeronnos a traballar. Pasaron de esixir unha parte a esixilo todo, ata o tempo. Non foi suficiente dividir as terras. Tamén dividiron as nosas vidas en horas e asignaronnos un prezo. Aprenderon a matarnos do xeito en que nos mantiñan con vida. Ensinaronnos a ver a vida como unha serie de números, a converter as ledicias en valores. Transformaron os montes en madeira, as nosas mans en traballo. Controlaronnos con cálculos


que determinaban os custos das nosas vidas, o prezo que debían pagar para que seguiramos traballando. Finalmente enganaronnos para que viviramos a vida nos mesmos termos.

**Por iso celebramos o Primeiro de Maio con festíns.** Porque a escaseza é unha pantasma que hai que desterrar. Porque as cousas que realmente importan non se poden contar. Porque pese a todo o que temos aturado, querémonos e non seremos aparellos para a cobiza dos demais.



**S**eguimonos erguendo a cotío. Temos prendido reis e témolos botado das súas torres, temos bombardeado as súas carruaxes e temoslle cortado a cabeza. Mais a guerra continúa. A medida que pasa o tempo os reis multiplícanse nun despregue de tecnócratas. Convirténnos en utensilios para a produción, transforman os nosos corpos en máquinas. As fábricas foron o novo modelo para a especie humana, o novo tesouro dos nosos gobernantes, e desprezaron o feito de que as súas queridas máquinas precisan de nós para funcionar. Cambiou a vella ecuación. A liberdade xa non significaba un compromiso entre amo e súbdito. Significaba todo o poder para as máquinas e a maior mobilización posíbel para que poidan producir. Sacrificaron as nosas vidas para o seu funcionamento.

**Por iso celebramos o Primeiro de Maio con sabotaxes.** Porque non imos someter a vida ao ritmo das engranaxes. As súas novas técnicas de guerra non poderán matar a nosa raíba. Mesmo nas fábricas, ou nos espazos privados onde intentan marxinar ás mulleres, formamos novas comunidades.



Serías sacudidas axitaban os pazos dos reis. E comezaron a chamar a esas sacudidas revolucións. Dixeron que remataran as vellas fórmulas autoritarias. Dixeron que eramos libres e que podíamos participar nos seus proxectos como iguais. E a maioría caímos na trampa. Reaccionamos máis perante a exclusión que diante da dominación, como os bárbaros antes ca nós. E intentamos converternos nos novos Romanos.

Pero cada vez somos máis as que caemos na conta de que este proxecto ao que nos convidaron a participar é a guerra contra todxs. É permitida calquer cousa agás o motín. Manteñennos vivxs so mentras non nos valgamos por nós mesmxxs. Pídese a nosa complicidade en cortar raíces continuamente e eliminar a aqueles que aínda lembran as súas.

**Por iso celebramos o Primeiro de Maio con disturbios.** Para facer un ruído que nunca ha de calar. Para queimar todo o que non é verdade. Para facer cachos o pavimento e descubrir, baixo el, a terra. Para comezar a botar raíces unha vez mais.



Esta é a túa historia, nena. Isto é polo que parece que o tes todo pero sintes que non tes nada. Confía nos teus sentimentos. Non os durmas coas pílulas que che ofrecen. Porque esos sentimentos de anguria e raiba son o mesmo picor que a semente sinte nos derradeiros días de inverno, antes de abrirse e espaxear os seus gromos polo mundo. É este crecemento incontrolado, espontáneo, o

que impedirá que nos recrutem, que é o que máis temen.

Non todxs chegaron a este deserto polo mesmo camiño. Pero hai moitxs que comparten a túa historia. Hai outrxs que aínda lembran as súas raíces, e saben onde atopalas. Pero aquelxs coma ti nin sequera saben o que perderon. Lembra esta historia e haberá esperanza para a primavera.

**Este texto foi traducido e maquetado en Compostela  
motivo do primeiro de maio de 2015**